

O sobriño de Rameau

Dénis Diderot

Tradución de Valentín Arias



Diderot, Denis

O sobriño de Rameau

Versión galega de Valentín Arias

*Vertumnis, quotquot sunt, natus iniquis*¹.

(Horacio, Lib. II, sát. VII)

Con bo tempo ou mal tempo, teño por costume pasear sobre as cinco da tarde polo Palacio Real. Véseme alí, sempre só, a meditar no banco de Argenson. Falo comigo mesmo de política, de amor, de arte ou de filosofía. Eu abandono o espírito á súa libertinaxe. Déixolle segui-la primeira idea, sensata ou louca, que se presente, tal como se ve que fan na alameda de Foy os nosos mozos disolutos seguindo os pasos dunha cortesá de aspecto desenvolto, cara riseira, mirada viva e nariz recachado, a deixaren unha por outra, acometendo a todas sen se comprometer con ningunha. Os meus pensamentos son as miñas amantes. Se o tempo está moi frío, ou por de máis chuvioso, refúxiome no café da Rexencia; alí, entretéñome vendo xogar ó xadrez. París é o sitio do mundo –e o café da Rexencia é o sitio de París– onde mellor se xoga este xogo. É en cas Rei onde se enfrontan Legal o profundo, Philidor o sutil, e o sólido Mayot, véndose as xogadas máis sorprendentes e oíndose as maiores necidades; porque, se ben se pode ser enxeñoso e gran xogador de xadrez como é Legal, tamén se pode ser gran xogador de xadrez e necio como son Foubert e Mayot.

Unha tarde, estaba alí, mirando moito, falando pouco e escoitando o menos que podía, cando me abordou un dos personaxes máis raros deste país no que Deus non deixou que houberse falta deles. É un composto de grandeza e baixeza, de cordura e insensatez. As nocións do honesto e o deshonesto deben estar estrañamente enguedelladas na súa cabeza, pois que mostra sen ostentación as boas calidades que lle deu a natureza e sen pudor as malas que recibiu desta. Polo demais, está dotado dunha forte complexión, dun ardor imaxinativo singular e dun vigor pulmonar pouco común. Se batedes con el algún día e non vos engaiola a súa orixinalidade, taparéde-las orellas ou fuxiredes. ¡Santo Deus, que extraordinarios pulmóns! E nada máis desemeillante a el ca el mesmo. Ás veces está fraco e pálido coma un doente no derradeiro grao da consunción; poderíanselle conta-las moas a través das meixelas. Diríase que pasou varios días sen comer ou que sae da Trapa. Ó mes seguinte, está gordo e repoludo coma se non se erguese da mesa dun financeiro ou estivese recluído nun convento de Bernaldos. Hoxe, todo sucio, co pantalón rachado, cuberto de farrapos, case descalzo, leva a cabeza baixa e ocúltase: un sente a tentación de chamalo para darlle esmola. Mañá, empoeirado, con bo calzado, o pelo rizado, ben vestido, vai coa cabeza alta e exhibese: case o tomariades por un perfecto cabaleiro. El vive ó día. Triste ou ledo conforme as circunstancias. A súa preocupación primeira ó se erguer, cada mañá, consiste en saber onde ha xantar; logo que xanta, pensa onde irá cear. A noite tamén é motivo de inquietude para el. Ou se dirixe a pé ó faio onde vive (salvante que a caseira, cansa de agardar polo alugueiro, lle reclamase a chave), ou ben se refuxia nunha taberna do arrabalde onde espera o día, entre un cacho de pan e unha xerra de cervexa. Cando non ten un can no peto, o que lle sucede con frecuencia, bota man dunha carruaxe dos seus amigos ou acode ó cocheiro dun gran señor que lle proporciona un leito encol da palla, a carón dos cabalos; levando pola mañá parte do xergón entre o pelo. Se o tempo é benigno, anda toda a noite a medi-lo Cours ou os Campos Elíseos. Reaparece co día na cidade, vestido da véspera para o día seguinte e do día seguinte para o resto da semana ás veces.

Eu non gusto desta clase de orixinais. Outros intiman con eles e mesmo os teñen por amigos. A min, chámanme a atención unha vez ó ano, cando os atopo, porque o seu carácter contrasta co dos demais e porque rompen esta amolada uniformidade introducida pola nosa educación, as nosas convencións sociais e mailo noso sentido do decoro. Se aparece un deles nunha reunión, constitúe un gran de fermento que leveda e que restitúe a cadaquén unha porción da súa individualidade natural. Sacode, axita, fai aprobar ou censurar, logra que xurda a verdade, desenmascara os tunantes; daquela é cando o home sensato escoita e

recoñece o mundo seu. A este coñecíao de vello. Frecuentaba unha casa da que lle abriera a porta o seu talento. Onde había unha filla única. Xuroulles ó pai e á nai que había casar con ela. Estes encollían os ombros e facían burla del, dicían que estaba tolo; mais eu vin chegado o intre de se realiza-lo seu proxecto. Pedíame empréstados algúns escudos, e eu dáballos. Introducírase, non sei de que maneira, nalgúns casas honradas, onde tiña o seu prato, mais coa condición de non falar sen lle daren permiso. Calaba e comía irado. Resultaba magnífico velo tan contrariado. Se lle entraba gana de faltar ó acordado e abría a boca, á primeira palabra tódolos comensais gritaban: «¡Rameau!». Daquela relampaba o furor nos seus ollos e poñíase a comer de novo, con máis rabia. Tiñades curiosidade por sabe-lo nome do noso home, pois xa o sabedes. É o sobriño dese célebre músico que nos liberou do canto chan de Lulli que salmodiábamos desde había máis dun século, que tanto escribiu de visións inintelixibles e de verdades apocalípticas sobre a teoría da música, das que nin el nin ninguén comprendeu nunca nada, e do que posuímos certo número de óperas nas que hai harmonía, fragmentos de cantos, ideas desganduxadas, estrondo, voos, triunfos, lanzas, glorias, murmurios, victorias ata máis non poder, aires bailables que han durar eternamente, e quen, tras enterrar ó Florentino, será enterrado polos virtuosos italianos, cousa que el presentía, e que o viraba sombrío, triste, insociable; porque ninguén ten tan mal xenio –nin sequera unha muller fermosa que se ergue cun gran no nariz– coma un autor ameazado de sobrevivi-la súa fama; testemuñas, Marivaux e Crébillon fillo.

Abórdame... «Ah, vós por aquí, señor filósofo. ¿Que facedes entre esta panda de nugalláns? ¿Vós tamén perdéde-lo tempo a empuxar madeira?» É así como se di despectivamente xogar ó xadrez ou ás damas.

EU. –Non; pero cando non teño cousa mellor que facer divírteme mirar un pouco para os que a empuxan ben.

EL. –Nese caso divertídesvos raras veces; quitando Legal e Philidor, o resto non saben cousa.

EU. –¿E logo o señor de Bissy?

EL. –Ese é como xogador de xadrez o que a señorita Clairon é como actriz. Tanto un coma a outra só saben destes xogos o que poden aprender.

EU. –Sodes esixente, e vexo que non perdoades máis ca ós homes sublimes.

EL. –Si, no xadrez, nas damas, en poesía, en elocuencia, en música e noutras parvadas coma estas. ¿Para que serve a mediocridade nestes xéneros?

EU. –Para pouco, cadro conforme. Mais cómpre que un gran número de homes se dedique a eles para que xurda o xenio. Só existe un entre mil. Pero deixemos iso. Hai séculos que non vos vin. E a penas penso en vós cando non vos vexo. Mais sempre me agrada volvervos ver. ¿Que estivestes a facer?

EL. –O que vós, eu e tódolos demais facemos: algo bo, algo malo e nada. Pasei fame, comín cando tiven ocasión; logo de comer tiven sede, e bebín ás veces. Entrementres, medroume a barba e ó que medrou fixen que ma rapasen.

EU. –Fixestes mal. É o único que vos falta para ser un sabio.

EL. –Abofé que si. Teño a fronte ampla e engurrada, a mirada brillante, o nariz prominente, as meixelas anchas, as cellas negras e poboadas, a boca ben trazada, os labios moi marcados e a cara cadrada. Se a este amplo queixelo o cubrise unha longa barba, ollade que había campar en bronce ou en mármore.

EU. –Á beira dun César, dun Marco Aurelio, dun Sócrates.

EL. –Non, eu cadraría mellor entre Dióxenes e Friné. Son insolente coma o primeiro e gústame visitar ás segundas.

EU. –¿Seguides ben de saúde?

EL. –Normalmente si; mais hoxe non me atopo de todo ben.

EU. –¿Como? Cun ventre de Sileno e unha cara...

EL. –Unha cara que se tomaría pola súa antagonista. É que o mal humor que enfraquece ó meu querido tío, ó parecer, engorda ó seu querido sobriño.

EU. –A propósito do tío, ¿védelo algunha vez?

EL. –Si, cando pasa pola rúa.

EU. –¿Non vos fai algún favor?

EL. –Se llo fai a alguén é sen querer. É un filósofo ó seu xeito. Non pensa máis que en si mesmo; o resto do universo non lle importa un pemento. A súa filla e maila súa muller non teñen máis que morrer cando queiran, con tal de que as campás da parroquia, cando dobren por elas, soen a doceava e a dezaseteava. El tan contento. E isto é o que aprecio especialmente nos homes xeniais. Non serven máis que para unha cousa. Fóra diso, nada. Non saben o que é ser cidadáns, pais, nais, parentes nin amigos. Entre nós, cómpre parecerse a eles en todo, mais sen desexar que abunden. O que cómpre son homes; mais nada de xenios. Non abofé, non fan ningunha falta. Eles son quen cambian a face do globo; pero nas cousas máis pequenas a tolería é tan común e tan poderosa que non se pode reformar sen cinzarrada. Realízase un algo do que eles imaxinaron, o resto segue como estaba; de aí resultan dous evanxeos e un traxe de Arlequín. A sabedoría do monxe de Rabelais é a verdadeira sabedoría para a propia tranquilidade e a dos demais: cumprir co seu deber como sexa, falar sempre ben do padre prior e deixar que o mundo siga o seu rumbo. E o mundo vai ben, pois que a multitude está contenta. Se soubese historia, habíavos demostrar que o mal sempre nos chegou por culpa dalgún home xenial. Mais non sei historia, porque non sei nada. ¡Que o demo me leve se algunha vez aprendín algo, e se por non ter aprendido cousa me atopo peor! Un día estaba eu na mesa dun ministro do rei de Francia que ten enxeño por catro; pois ben, el demostrounos ben ás claras, como unha e unha son dúas, que non hai nada tan útil para os pobos como é a mentira, nin nada tan nocivo como é a verdade. Non me acordan ben as súas probas; mais deduciase delas que os xenios son detestables e que se un neno trouxese ó nacer na fronte a característica dese perigoso don da natureza, habería que afogalo ou botalo ó Cagnard.

EU. –Sen embargo, todos eses personaxes, tan inimigos do xenio, pretenden que o teñen.

EL. –Creo ben que o pensan para si, mais non penso que ousaren confesalo.

EU. –Será por modestia. Así que naquela ocasión concibistes un odio terrible contra os xenios.

EL. –Para sempre xamais.

EU. –Mais eu acordo un tempo en que desesperabades por ser tan só un home común. Nunca seredes feliz se tanto o prol coma o contra vos aflixen. Hai que tomar partido e permanecer firme na elección. Aínda cadrando con vós en que os xenios son polo regular singulares, ou, como di o proverbio, que *non hai grandes xenios sen unha miga de loucura*, a opinión ha de ser sempre a mesma. Desprezaranse os séculos que non os producisen. Honraranse os pobos nos que existiron; tarde ou cedo eríxenselles estatuas e téñense por benfeitores do xénero humano. Que me perdoe o sublime ministro que citastes, mais eu creo que se a mentira pode servir nalgún momento, andando o tempo resulta necesariamente nociva; e que, pola contra, a verdade serve necesariamente co tempo, anque poida suceder que prexudique de momento. Polo que estaría tentado de concluír que o xenio que denuncia un erro importante, ou que acredita unha gran verdade, é sempre un ser digno da nosa veneración. Pode suceder que este home sexa vítima do prexuízo e das leis; mais hai dúas clases de leis: unhas de equidade e xeneralidade absolutas, outras extravagantes, que só deben a súa sanción á cegueira ou á necesidade das circunstancias. As últimas non luxan o culpable que as transgride máis que cunha ignominia pasaxeira; ignominia que o tempo reverte para sempre sobre os xuíces e sobre as nacións. Entre Sócrates e o maxistrado que lle fixo bebe-la cicuta, ¿quen é hoxe o deshonorado?

EL. –¡Bastante adiantou! ¿Condenárono menos por isto? ¿El puido salva-la vida? ¿Deixou por iso de ser un cidadán subversivo? Desprezando unha lei inxusta, ¿non incitou a que os insensatos a infrinxisen as xustas? ¿Non foi un cidadán audaz e extravagante? Hai un instante non estabades lonxe dunha opinión pouco favorable ós xenios.

EU. –Escoitádeme, querido amigo. Unha sociedade non debería ter malas leis; e, sen embargo, de non telas máis que boas, nunca se atoparía no caso de perseguir ós xenios. Eu non vos dixen que o xenio estivese indivisiblemente unido á maldade, nin a maldade ó xenio. É máis fácil que sexa malvado un parvo ca un home de enxeño. E de o xenio ser sempre de trato duro, difícil, espiñento, insoportable, aínda que fose un malvado, ¿que concluíriades?

EL. –Que cumpriría afogalo.

EU. –A modo, querido amigo. Respondédeme, e non vou poñer de exemplo o voso tío: el é un home duro, brutal, inhumano, avaro, é un mal pai, un mal marido, un mal tío; mais aínda está por demostrar que sexa un xenio, que lograse domina-la súa arte ou que a súa obra perdure dentro de dez anos. Pero, ¿e Racine? Este era certamente un xenio, e non se consideraba por de máis bondadoso. ¿E Voltaire?

EL. –Non me apuredes, porque son consecuente.

EU. –¿Que preferiades, que Racine fose un bo home, identificado co seu despacho coma Briasson ou coa súa vara de medir coma Barbier, facéndolle con regularidade á súa muller un fillo lexítimo cada ano, bo marido, bo pai, bo tío, bo veciño, honrado comerciante, pero nada máis, ou ben que fose pícaro, traidor, ambicioso, envexoso, malvado, pero autor de *Andrómaca*, de *Británico*, de *Ifixenia*, de *Fedra* e de *Atalía*?

EL. –Abofé que para el, deses dous homes, máis lle valería se-lo primeiro.

EU. –Iso, mesmo é infinitamente máis certo do que pensades.

EL. –¡Ah! ¡Velaí como sodes! Se os demais dicimos algo atinado é, coma os loucos ou os inspirados, por un casual. Só vós o entendedes. Pois saiba, señor filósofo, que eu tamén entendo; e tanto como vós podedes entender.

EU. –Vexamos. ¿Por que había ser mellor para el o primeiro?

EL. –Porque todas esas obras fermosas que el escribiu non lle produciron nin vinte mil francos; e se fose un bo comerciante en sedas da rúa Saint-Denis ou Saint-Honoré, un bo tendeiro de comestibles por xunto, ou un boticario con clientela, había amasar unha inmensa fortuna; e, de amasala, non habería pracer que el non puidese gozar, de vez en cando daríalle un dobrón a un pobre diaño de bufón coma min, que o faría rir ou lle había proporcionar unha mociña coa que distraerse da eterna cohabitación coa súa muller, poderíamos facer excelentes convites na súa casa, xogar forte, beber excelentes viños e excelentes licores, tomar excelentes cafés, facer excursións ó campo; xa vedes que eu me entendía. Rides. Mais deixádeme proseguir. Había ser mellor para os demais.

EU. –Non vos contradigo; con que non empregase de maneira deshonesto a opulencia adquirida mediante o comercio lexítimo, con que arredase da súa casa tódolos xogadores, tódolos parasitos, tódolos aduladores compracentes, tódolos vagos, tódolos perversos inútiles, e con que os seus criados matasen a paos o home obsequioso que mediante a variedade alivia os maridos do cansazo dunha habitual cohabitación coas súas esposas.

EL. –¡Matar a paos!, señor, ¡a paos! Non se mata a ninguén nunha cidade civilizada. É un oficio honrado. Desempéñao moita xente, mesmo de avoengo. ¿E el en que diaño quere vostede que se empregue o diñeiro se non é en ter boa mesa, boa compañía, bos viños, mulleres fermosas, praceres de tódalas cores e diversións de tódalas clases? Sen ningún destes gozos, a min daríame igual ser un mendigo ca posuír unha gran fortuna. Pero volvamos a Racine. Aquel home non foi bo máis que para descoñecidos e cando xa non vivía.

EU. –Conforme. Mais sopesade o bo e o malo. Dentro de mil anos fará derramar bágoas, será a admiración dos homes. En tódolos recantos da Terra ha inspirar sentimentos humanos, conmisericordia, tenrura; e a xente ha preguntar quén era, de qué país, e hase envexar a Francia. Fixo que sufrisen algunhas persoas que xa non existen, polas que non sentimos case ningún interese; non temos cousa que temer dos seus vicios nin dos seus defectos. Sen dúbida fora mellor que a natureza lle dese as virtudes dun home de ben xunto co talento dun grande home. Foi unha árbore que fixo secar algunhas árbores plantadas no seu contorno, que afogou as plantas que medraban ó seu pé; mais elevou a súa copa ata as nubes, as súas ramas estendéronse lonxe, abeirou á súa sombra os que viñan, veñen e virán descansar cabo do seu tronco

maxestoso, produciu froitos de exquisito sabor que se renovan sen cesar. Era desexable que Voltaire tivese a dozura de Duclos, a inxenuidade do abade Trublet, a rectitude do abade d'Olivet; mais, pois que isto é imposible, examinémo-la cuestión desde un ángulo verdadeiramente interesante; esquezamos por un momento o punto que ocupamos no espacio e no tempo, e espallémo-la ollada sobre os séculos vindeiros, os lugares máis afastadas e os pobos por nacer. Pensemos no ben da nosa especie. Se non somos bastante xenerosos, polo menos perdoémoslle á natureza que fose máis sabia ca nós. Se vertedes auga fría sobre a cabeza de Greuze, quizais apagaréde-lo seu talento xunto coa súa vaidade. Se virades Voltaire menos sensible á crítica, xa non se saberá identificar coa alma de Mérope. Non vos ha conmovet.

EL. –Mais se a natureza é tan poderosa como sabia, ¿por que non os fixo tan bos como os fixo grandes?

EU. –¿Pero non vos decatades de que co tal razoamento invertéde-la orde xeral, e que de ser todo excelente na terra non habería nada excelente?

EL. –Levades razón. O importante é que vós e mais eu sexamos, e que sexamos vós e mais eu. Que todo o demais vaia como poida. Ó meu entender, a mellor orde das cousas é aquela en que eu debo existir; e malia o máis perfecto dos mundos se eu non estou nel. Prefiro ser, mesmo ser un razoador impenitente, a non ser.

EU. – Non hai ninguén que non pense coma vós e que non poña en tea de xuízo a orde existente; sen se decatar de que con isto renuncia á súa propia existencia.

EL. –É certo.

EU. –Aceptemos, pois, as cousas como son. Vexámo-lo que nos custan e o que nos dan; e deixemos tranquilo o que non coñecemos abondo para enxalzalo ou censuralo, que tal vez non sexa nin bo nin ruín, se é necesario, como moita xente de boa fe parece que cre.

EL. –Non entendo case nada do que me estades a dicir. Aparentemente trátase de filosofía; advírtovos que non me gusta entrar nese terreo. Todo o que sei é que a min me gustaría ser outro, para ver se me tocaba por casualidade ser un xenio, un grande home. Si, teño que admitilo, hai algo aquí que mo di... Nunca puiden oír gabar a alguén sen adoecer en segredo. Son envexoso. Cando teño noticia de algo da súa vida privada que os degrada, escóitoo con pracer. Porque iso acércanos. Deste modo, soporto máis facilmente a miña mediocridade. Dígome a min mesmo: «Certamente, nunca escribirías *Mahomet*, mais tampouco o eloxio de Maupeou». Así, pois, estiven, e estou, contrariado por ser mediocre. Si, si, son mediocre e iso amólame. Nunca oín toca-la obertura das *Indias galantes*, endexamais escoitei canta-los *Profonds abîmes du Ténare, Nuit, éternelle nuit* sen me dicir con pena: «Velaí o que nunca has facer». Estaba, pois, celoso de meu tío; e se, ó morrer, tivese algunhas belas composicións de clavicordio na carteira, non había dubidar entre seguir sendo eu e ser el.

EU. –Se isto é o único que vos entristece, non paga moito a pena.

EL. –Non, non é nada. Son momentos pasaxeiros.

Despois, volvía canta-la obertura das *Indias galantes* e a canción *Profonds abîmes*; e engadía:

–Teño algo dentro de min que me fala e me di: Rameau, ben que che había gustar escribires estas dúas pezas; se escribises estas dúas, acometería outras; e ó que tiveses compostas unha chea delas habíanse tocar e cantar en tódolos sitios; cando camiñases, levaría-la cabeza ben alta; a conciencia daríache testemuño do teu propio mérito; os demais habíante sinalar co dedo. Dirían: ese é quen compuxo as lindas gavotas –e cantaba as gavotas–; logo, coa expresión dun home afectado, que nada na alegría e que ten os ollos húmidos, agregaba fretando as mans: terías unha boa casa –e medía a extensión cos seus brazos–, unha boa cama –e recostábase indolentemente–, bos viños –que degustaba facendo estala-la lingua contra o padal–, un bo coche –e erguía o pé coma para montar–, fermosas mulleres –ás que xa lles acariciaba os peitos e ollaba con voluptuosidade–, cen galopíns viríanme dar incenso decote –e imaxinábaos ó seu arredor; vía a Palissot, a Poincinet, ós Fréron, pai e fillo, a La Porte: escoitábaos, inchaba o peito, aprobábaos, sorríalles, desdeñábaos, desprezábaos, facíaos desaparecer, volvíaos chamar–; logo proseguía: e pola mañá diríanche que es un grande home, habías ler na historia dos *Trois Siècles* que es un grande home, pola tarde estarías convencido de que es un grande home; e o grande home, Rameau o sobriño, adormecería co doce murmurio dos eloxios a retinxir nos oídos; mesmo durmindo había ter pinta de satisfeito: dilataríase o seu peito, a se elevar e descender con facilidade; había roncar coma un grande

home.

E, falando deste modo, deixábase caer brandamente nunha banquetta, cerraba os ollos e imitaba o sono feliz que imaxinaba. Despois de gozar uns instantes a dozura do repouso, espertaba, estiraba os brazos, bocexaba, refregaba os ollos e seguía a buscar arredor súa os adúladores insípidos.

EU. –Así pois, ¿vós credes que o home feliz ten un sono especial?

EL. –¡E nono hei crer! Eu, por pobre, cando regreso pola noite ó meu faio e estou botado no xergón, encollido baixo da manta, teño o peito oprimido e a respiración fatigosa: é unha especie de débil queixa que a penas se oe; en cambio, o financeiro fai treme-la súa casa e atorda a rúa. Mais, o que hoxe me aflixe non é roncar e durmir mesquiñamente coma un miserable.

EU. –E pois iso é ben triste.

EL. –O que me sucedeu éo ben máis.

EU. –¿El que vos sucedeu?

EL. –Vós sempre vos interesastes por min, porque son un pobre diaño ó que desprezades no fondo, mais que vos divirte.

EU. –É a verdade.

EL. –Pois vóuvolo dicir.

Antes de empezar, exhala un profundo suspiro e leva as mans á fronte. Logo, recuperando o seu aire tranquilo, dime:

–Vós sabedes que eu son un ignorante, un parvo, un louco, un impertinente, un preguiceiro, o que os nosos borgoñóns din un rematado truán, un estafador, un lambón...

EU. –¡Vaia panexírico!

EL. –É a pura verdade. Sen lle sobrar unha coma. Niso non hai discusión que valla, por favor. Ninguén me coñece mellor ca min mesmo; e non o dixeran todo.

EU. –Non quero que vos ofendades, así que vos dou a razón en todo.

EL. –Pois ben, eu vivía cunha xente que me estimaba, precisamente por estar dotado, en grao eminente, de todas esas calidades.

EU. –Cousa rara. Ata agora coidei que ocultaba esas calidades quen as ten, ou que se perdoaban ou se desprezaban nos demais.

EL. –¿Ocultalas? ¿E el pódese? Estade seguro de que, cando Palissot está só e a meditar, di de si mesmo bastantes cousas máis. Tende a seguridade de que, cara a cara co seu colega, confesan francamente non ser máis que dous insignes tunantes. ¡Desprezalas nos demais! A miña xente era máis ecuánime, e o meu carácter ía marabillosamente ben co seu. Eu estaba como quería. Agasallábanme. Non podía faltar un instante sen que me botasen de menos. Eu era o seu pequeno Rameau, o seu lindo Rameau, o seu Rameau o louco, o impertinente, o ignorante, o preguiceiro, o lambón, o bufón, o parvo. Cada un destes epítetos familiares valíame un sorriso, un aloumiño, unha palmada nas costas, unha labazada, un couce, na mesa unha boa tallada no meu prato, fóra da mesa unha liberdade que eu tomaba sen consecuencias; porque eu son un inconsecuente. Faise de min, comigo e diante miña, canto se quere, sen que eu me incomode. ¿E os regaliños que me chovían? ¡Que estúpido son! ¡Perdino todo! Perdino todo por ter un pouco de sentido común unha soa vez na vida. ¡Non me volverá suceder!

EU. –¿De que se trataba?

EL. –É unha parvada incomparable, incomprendible e irremisible.

EU. –¿E pois que parvada?

EL. –Rameau, Rameau, ¿ti acolléaste para iso? A parvada de ter un algo de gusto, un algo de enxeño, un algo de razón. Rameau, meu amigo, iso hache ensinar a sére-lo que Deus te fixo e o que os teus protectores querían de ti. Por iso, colléronte polo brazo, leváronte á porta e dixéronche: «Larga de aquí, rufián, e non aparezas máis. ¿Seica pretendes ter sentido común e razón? Pois lisca, desas calidades temos nós a sobrar». E tiveches que te ir, mordendo nos dedos; máis valera que mordése-la túa maldita lingua un pouco antes. Por non o faceres, aquí estás, na rúa, sen un can, e sen saberes onde dar cos ósos. Estabas alimentado a boca qué pides, e terás que volver ós desperdicios; tiñas bo aloxamento, e poderaste dar por satisfeito se che devolven o faio; tiñas boa cama, e espérase a palla entre o cocheiro do señor de Soubise e o amigo Robbé. No canto dun sono doce e tranquilo, como tiñas, oírás por unha orella o rinchar e o piafar dos cabalos, pola outra o ruído, mil veces máis insuportable, de versos secos, duros e bárbaros. ¡Desgraciado, imprudente, poseso dun millón de demos!

EU. –¿E non habería xeito de se reconciliar? ¿A falta que cometestes é tan imperdoable? Eu, no voso lugar, volvería cabo desa xente. Sódésles máis necesario do que pensades.

EL. –Oh, eu teño a certeza de que agora que non me teñen para facelos rir, abúrrense o seu.

EU. –Daquela, eu iríaos visitar. Non lles deixaría tempo a se acostumaren a pasar sen min; a que se inclinen cara a unha diversión honrada. Porque, ¿quen sabe o que pode suceder?

EL. –Non é iso o que temo. Iso non vai acontecer.

EU. –Por moi sublime que sexades, alguén pódevos substituír.

EL. –Difícilmente.

EU. –Conforme. Non obstante, eu había me presentar diante deles coa cara descomposta, os ollos extraviados, o colo desabotoado, os cabelos revoltos, no estado verdadeiramente tráxico no que vos achades agora. Habíame tirar ós pés da divindade. Poñería a cara contra o chan e, sen me erguer, diríalle con voz baixa e lacrimosa: «¡Perdón, señora, perdón! Son un indigno, un infame. Foi un momento desgraciado, pois xa sabedes que non son propenso a ter sentido común, e prométovos que non o volverei ter na vida.»

O gracioso é que mentres eu pronunciaba este discurso, el interpretaba a pantomima. Prosternárase; puxera a cara contra o chan; parecía que sostiña entre as mans o bico dunha pantufla; choraba, saloucaba e dicía: «Si, miña raíña, si, prométovolos, non volverá suceder na vida, na vida». Logo, erguéndose bruscamente, engadiu con ton serio e reflexivo:

EL. –Si, tendes razón. Creo que é o mellor. Ela é boa. O señor Viellard di que é moi boa. Eu sei ben que o é. Mais, sen embargo, jirse humillar ante un espantallo! ¡Pregar misericordia ós pés dunha miserable pequena histriona incesantemente perseguida polos asubíos da platea! ¡Eu, Rameau, fillo do señor Rameau, boticario de Dijon, que é un home de ben que endexamais dobrou o xeonllo diante de ninguén! ¡Eu, Rameau, sobriño daquel a quen chaman gran Rameau, ó que se ve pasear teso e cos brazos en alto no Palacio Real, logo que o señor Carmontelle o debuxara encurvado e coas mans so as faldras do seu abrigo! ¡Eu, que compuxen pezas de clavicordio que ninguén toca, mais que poden se-las únicas que a posteridade ha interpretar! ¡Eu! ¡En resumo, eu! ¡Irría!... Mire, señor, ¡iso é imposible! –e pondo a man dereita no peito, engadiu–: Sinto algo aquí que se inflama e me di: «Rameau, non farás tal.» Cómpre que exista unha certa dignidade unida á natureza humana, que nada pode afogar. E a tal esperta sen vir a conto. Si, sen vir a conto; porque hai outros días que non me custaría nada ser tan vil como se queira: eses días, por un marabedí, bicaríalle o cu á pequena Hus.

EU. –Ben, pero, amigo, ela é branca, fermosa, nova, doce, cheíña; e a ese acto de humildade máis de un, máis delicado ca vós, podería rebaixarse de cando en vez.

EL. –Entendámonos; porque hai bica-lo cu pola simple e bica-lo cu polo figurado. Pregúntelle ó gordo Bergier que lle bica o cu pola simple e polo figurado á señora de La Marck. Neste caso, abofé que me desagradaría

igualmente pola simple e polo figurado.

EU. –Se a solución que vos suxiro non vos cadra, tende logo o valor de serdes esmoleiro.

EL. –É moi duro ser esmoleiro, mentres hai tantos necios opulentos á conta dos cales se pode vivir. Ademais, está o desprezo dun mesmo. É insoportable.

EU. –¿E pois coñecedes ese sentimento?

EL. –Vaia se o coñezo. Cantas veces dixen para min: «Cómo é, Rameau, que habendo en París dez mil boas mesas, de quince ou vinte pratos cada unha, ¡non ha de haber, destes, un para ti! Habendo bolsas ateigadas de ouro a se derramar pola dereita e pola esquerda, ¡non ha caer nin unha moeda para ti! Habendo mil falsos enxeños, sen talento nin mérito, mil criaturillas sen engados, mil insípidos intrigantes que van ben vestidos, ¡ti tes que ir nu! ¿El serás imbécil ata ese punto? ¿Non saberías mentir, xurar, perxurar, prometer, cumprir ou incumplir coma os demais as promesas? ¿Non saberías poñerte a catro patas coma outro calquera? ¿Non saberías favorecer-la intriga amorosa da señora e leva-la misiva do señor, coma outros? ¿Non saberías animar a ese mozo para que lle fale á señorita e persuadir á señorita de que o escoite, como fan outros? ¿Non saberías facerlle ver á filla dun dos nosos burgueses que vai mal vestida, que uns fermosos pendentes, un algo de colorete, uns encaixes e un vestido á polonesa habían sentarlle de marabilla? ¿Que os seus peñños non se fixeron para andar pola rúa? ¿Que hai un bo cabaleiro, mozo e rico, que ten un traxe con galóns de ouro, unha soberbia carruaxe e seis lacaios, que a viu pasar pola rúa e a atopa encantadora; e que desde aquel día deixou de comer e beber, que xa non dorme e que vai morrer? "Pero, ¿e o meu papá?" "Ben, ben, ¡o voso papá!; de primeiras, anoxará un pouco." "¿E a mamá, que me recomenda arreo ser unha moza honesta?, ¿que me di que non hai cousa máis importante neste mundo cá honra?" "Vellos discursos que non significan nada." "¿E o meu confesor?" "Xa non o veredes máis; ou se persistides na fantasía de lle ir conta-las vosas diversións, havos custar algunhas libras de azucre e de café." "É un home severo que me negou a absolución por mor da canción *Viens dans ma cellule*." "Porque non teriades cousa que lle dar... Mais cando lle aparezades cuberta de encaixes..." "¿Así que hei levar encaixes?" "Sen dúbida, e de tódalas clases..., con fermosos pendentes de diamantes." "¿Daquela terei pendentes de diamantes?" "Si." "¿Coma os desa marquesa que vén por veces mercar luvas á nosa tenda?" "Exactamente. Un bonito coche con cabalos pedreses, dous lacaios, o postillón diante, vestido de vermello, con lunares, e un negriño levándovo-la cola." "Ó baile." "Ó baile... á Ópera, á Comedia..." Xa lle estremece o corazón de alegría... Xogas cun papeliño entre os dedos. "¿Que é iso?" "Non é nada." "Paréceme que si." "É unha mensaxe." "¿Para quen?" "Para vós, de serdes un algo curiosa." "¿Curiosa? Sono moito." "Vexamos..." Le. "Unha cita, iso non pode ser." "Cando vaiades á misa." "Acompáñame sempre mamá. Pero se el viñese aquí, algo cedo. Érgome de primeira e estou tralo mostrador antes de que se ergan..." Acode, gústalle. Un bo día, a pequena desaparece ó anoitecer; e eu pillo dous mil escudos... Pois posúes ese talento, ¡e non tes que comer! ¿Non che dá vergonza, desgraciado?» Acordábanme un montón de pillos que non me chegaban ó nocello e que rebordaban riquezas. Mentres eu levaba pano groso, eles andaban cubertos de veludo; apoiábanse nun bastón con empuñadura de ouro labrada en bico de corvo, levaban no dedo un Aristóteles ou un Platón. ¿E que eran, xa que logo? Os máis dos miserables musiquiños, hoxe convertéronse nunha sorte de señores. Daquela sentíame forte; a alma elevada, o espírito sutil, e quen de todo. Mais as miñas aparentes boas disposicións non duraban moito; porque ata o presente non percorrín grande treito. Sexa o que sexa, este é o texto dos meus frecuentes soliloquios que podeades parafrasear ó voso gusto, con tal que conveñades en que coñezo o desprezo de min mesmo, ou esoutro tormento da conciencia que nace da inutilidade dos dons que o ceo nos outorgou: é o máis cruel de todos. Case valería máis que un non nacesse.

Eu escoitábao; e conforme representaba a escena do proxeneta e da moza seducida, coa alma axitada por dous movementos opostos, non sabía se ceder ó desexo de rir ou ó arrebatado da indignación. Sufría. Vinte veces unha gargallada impediu que a miña cólera rebentase, vinte veces a cólera que rebentaba no fondo do meu corazón rematou cunha gargallada. Confundíanme tanta sagacidade, tanta baixeza, ideas tan xustas e tan falsas, alternativamente, unha perversidade de sentimentos tan xeral, una ignominia tan completa e unha franqueza tan pouco corrente. Decatouse do meu conflito interior e preguntoume:

–¿Que vos sucede?

EU. –Nada.

EL. –Parecedes conturbado.

EU. –Estouno.

EL. –Mais, en fin, ¿que me aconsellades?

EU. –Cambiar de tema. ¡Ah, desgraciado, en que estado de abxección naces ou caestes!

EL. –Conforme. Mais, que o meu estado non vos conmovia por de máis. Non era a miña intención aflixirvos ó vos abri-lo meu corazón. Con aquela xente logrei algúns aforros. Tende en conta que eu non tiña necesidade de nada, de nada en absoluto; e que, ademais, alí dábanme un tanto para os meus gastiños.

Daquela deu de novo en bater na fronte cun puño, en morde-los labios e mirar para o teito con ollos de tolo, engadindo: «Asunto concluído. Puiden aforrar algo. Transcorreu o tempo e iso gañei.»

EU. –Queredes dicir perdín.

EL. –Non, non, gañei. Cada instante que pasa enriquecénos. Un día menos de vida ou un escudo máis, é todo un. O importante é ir tranquilamente, libremente, agradablemente, copiosamente cada noite ó retrete: O *stercus pretiosum!*² Velaí o gran resultado da vida en tódolos estados. No derradeiro momento, todos son igualmente ricos; o mesmo Samuel Bernard, que a forza de roubos, pillaxes e quebras deixou vinteseite millóns en ouro, ca Rameau, que non ha deixar cousa; Rameau a quen a caridade ha proporciona-la tea de saco que o envolva. O morto non oe dobra-las campás. Resulta en van que cen cregos esfolen a gorxa por el, que o preceda e o siga unha longa fileira de candeas a arder; a súa alma non camiña a carón do mestre de cerimonias. Podreecer so o mármore ou podreecer so a terra, todo é podreecer. Ter arredor do cadaleito os Nenos vermellos e os Nenos azuis, ou non haber ninguén, ¿que máis ten? Vede ben este pulso: estaba teso coma un pao. Estes dez dedos eran coma bastóns chantados nun metacarpo de madeira; os seus tendóns eran vellas cordas de tripa, máis secas, máis tesas, máis ríxidas cás usadas nas rodas dun torneiro. Pero atormenteiros, batinlles e fatigueiros arreo. Ti non queres andar e eu digo que has andar, ¡demo!; e así ha de ser.

E dicindo isto, coa man dereita collera os dedos e o pulso da man esquerda e dobrábaos cara a arriba e cara a abaixo; os extremos dos dedos tocaban no brazo, as articulacións renxían; temín que dislocase os ósos.

EU. –Coidado –díxenlle–, ídesvos eivar.

EL. –Non temades. Están afeitos; desde hai dez anos déille-lo seu. Malia a súa resistencia, os pobres tiveron que acostumarse e aprender a se colocar sobre as teclas e a voar sobre as cordas. Así que agora isto vai. Si, isto vai.

Ó mesmo tempo, ponse en actitude de toca-lo violín; cantaruxa un *allegro* de Locatelli, co seu brazo dereito a imita-lo movemento do arco, a man esquerda e mailos dedos facendo que pasean ó longo da manga; se dá un ton falso, detense; tensa ou afrouxa a corda; belíscaa coa uña para se asegurar de que está afinada; inicia de novo a pasaxe onde a deixou; marca o compás co pé, axita a cabeza, os pés, as mans, os brazos, o corpo. Como vistes ás veces no *Concerto espiritual* a Ferrari ou a Chiabran, ou a calquera outro virtuoso, coas mesmas convulsións, ofrecéndome a imaxe do mesmo suplicio e causándome case a mesma pena: ¿pois non é de feito penoso contempla-lo tormento no rostro de quen se dedica a pintarme o pracer? Correde entre min e este home unha cortina que mo oculte, se me ha mostra-la imaxe dun paciente sometido a tortura. No medio das súas xesticulacións e dos seus gritos, se é que se presentaba un sostido, un deses movementos harmoniosos nos que o arco se move lentamente sobre varias cordas á vez, a súa cara adoptaba unha expresión de éxtase; a súa voz dulcificábase, escoitábase a si mesmo con arroubo. E ben seguro que os acordes resoaban tanto nos seus oídos coma nos meus. Logo, colocando o instrumento baixo do brazo esquerdo coa mesma man que o sostíña, e deixando cae-la man dereita co arco, di: «Ben ¿que vos pareceu?»

EU. –Unha marabilla.

EL. –Isto vai ben, paréceme. Soa máis ou menos coma os demais.

E agáchase de contado, coma un músico ante o clavicordio.

EU. –Prégovos –díxenlle–, polo voso ben e polo meu...

EL. –Non, non; para unha vez que vos pillo, ídesme oír. Non quero eloxios sen motivo. Habédesme eloxiar con máis seguridade. E iso igual me proporciona algún alumno.

EU. –Teño poucas relacións e ídesvos fatigar inutilmente.

EL. –Eu non me fatigo nunca.

Vendo que era inútil apiadarme do meu home, xa que a sonata de violín o ensopara de suor, tomei a decisión de lle deixar face-la súa vontade. E velaí o está sentado ó clavecín, as pernas dobradas, a cabeza ergueita cara ó teito coma se estivese alí a partitura, a cantar, preludiar e interpretar unha peza de Alberti ou de Galupí, non sei de cal dos dous. A súa voz corría coma o vento e os seus dedos voaban sobre as teclas: unhas veces abandonando o rexistro para da-los baixos, outras veces abandonando o acompañamento para volver arriba. Sucedíanse as paixóns no seu rostro. Distinguíanse a tenrura, a carraxe, o pracer, a dor. Apreciábanse os *piano* e os *forte*. Estou convencido de que alguén máis experto ca min había recoñece-la peza polo movemento, o carácter, os seus acenos e algúns fragmentos cantados que el deixaba escapar a intervalos. Pero o que resultaba máis curioso é que de vez en cando dubidaba, corríxase coma se cometese un erro, e irritábase de non domina-la peza cos dedos.

–Así que xa ves –dixo erguéndose e enxugando as pingas de suor que escorregaban polas súas meixelas–, tamén sabemos colocar un trítono, unha quinta superflua, e o encadeamento das dominantes resúltanos familiar. Estes fragmentos inharmónicos, cos que o meu querido tío fai tanto ruído, non son cousa do outro mundo: ímolos executando.

EU. –Moito vos esforzastes en demostrarme que sodes moi hábil. Eu estaba disposto a crevos baixo palabra.

EL. –¿Moi hábil? ¡Oh, non! Coñezo o meu oficio por encima, e máis non cómpre. Porque neste país, ¿está un obrigado a sabe-lo que ensina?

EU. –Non máis obrigado que a sabe-lo que aprende.

EL. –Isto é exacto, ¡demo!, moi exacto. A ver, señor filósofo; coa man no corazón, falade sinceramente. Houbo un tempo en que non estabades tan boiante coma hoxe.

EU. –Non é que o estea demasiado aínda.

EL. –Pero agora xa non iredes no verán a Luxemburgo... ¿Acórdavos?

EU. –Deixemos iso; si, acórdame ben.

EL. –Con levita de la gris...

EU. –Si, si.

EL. –Gastada por un dos lados, coas mangas luídas e con medias de la negra e repasadas por tras con fío branco.

EU. –Que si, si, todo como vós queirades.

EL. –¿Que faciades, daquela, no paseo dos Suspiros?

EU. –O ridículo.

EL. –Ó saír de alí, trotabades polas rúas.

EU. –Certo.

EL. –Dabades clases de matemáticas.

EU. –Sen saber unha palabra. ¿Non é aquí onde queriades chegar?

EL. –Xustamente.

EU. –Eu aprendía ensinando ós demais, e formei algúns bos escolares.

EL. –Pode ser, mais a música non é coma a álgebra ou a xeometría. Hoxe que sodes un gran señor...

EU. –Non tanto.

EL. –Que sodes rico...

EU. –Moi pouco.

EL. –Poñédeslle mestres á vosa filla.

EU. –Aínda non. É a nai quen se encarga da súa educación; porque cómpre a paz na propia casa.

EL. –¿Paz na casa? ¡Demo! ¡Só se ten cando un é amo ou criado! E vai mellor sendo amo. Eu tiven unha muller. Deus a teña na súa gloria; mais cando ocorría, por veces, que me contestaba, eu subía ó poleiro, lanzaba o meu trono e dicía, coma Deus: «Fágase a luz.» E a luz facíase. De tal maneira que, en catro anos, non houbo nin dez veces unha palabra máis alta ca outra. ¿Que idade ten a vosa filla?

EU. –Iso non vén a conto.

EL. –¿Que idade ten a vosa filla?

EU. –Que demo, deixémo-la nena coa idade que teña e falemos dos mestres que terá algún día.

EL. –¡Naturalmente! Non sei de ninguén máis testán ca un filósofo. Suplicándovos humildemente, ¿non podería saber de Monseñor o filósofo a idade aproximada da súa distinguida filla?

EU. –Supoñédelle oito anos.

EL. –¡Oito anos! Pois hai catro que debería te-los dedos nas teclas.

EU. –Pode ser que non me interesou moito incluír no plano da súa educación un estudio que ocupa tanto tempo e que vale tan pouco.

EL. –Se non é unha indiscreción, ¿que pensades ensinarlle entón?

EU. –A razoar ben, se podo: cousa tan pouco común entre os homes e aínda máis rara entre as mulleres.

EL. –Deixádea que desatine como queira. Así ela sexa guapa, divertida e coqueta.

EU. –Xa que a natureza foi tan ingrata con ela ó darlle unha complexión delicada e unha alma sensible, e expoñela ás mesmas vicisitudes da vida que se tivese unha complexión forte e un corazón de bronce, heille aprender, se podo, a leva-las penas con valor.

EL. –Deixádea chorar, sufrir, facer monadas, ter ataques de nervios coma as demais, así ela sexa guapa, divertida e coqueta. ¡Como! ¿Nada de baile?

EU. –O indispensable para facer unha reverencia, ter unha compostura digna, saberse presentar e camiñar.

EL. –¿Nada de canto?

EU. –O indispensable para pronunciar ben.

EL. –¿Nada de música?

EU. –Se houbese un bo mestre de harmonía, confiaríalla de boa gana, dúas horas ó día durante un ou dous anos; non máis.

EL. –E no lugar das cousas esenciais que suprimides...

EU. –Substitúoas por gramática, literatura, historia, xeografía, un pouco de debuxo e moita moral.

EL. –¡Que doado me había resultar demostrárvo-la inutilidade de todos eses coñecementos nun mundo como é o noso!; que digo a inutilidade, ¡quizais o perigo! Mais limitareime, polo momento, a unha pregunta: ¿non lle cumprirán un ou dous mestres?

EU. –Sen dúbida.

EL. –¡Volvemos ó mesmo! E eses mestres, ¿esperades que saiban gramática, literatura, historia, xeografía e moral, disciplinas todas elas das que han dar leccións? Contos, querido mestre, só son contos. Se dominasen esas cousas para ensinalas, non as habían ensinar.

EU. –¿E por que?

EL. –Porque pasarían toda a vida a estudialas. Cómpre afondar moito na arte ou na ciencia para domina-los seus elementos. As obras clásicas só as poden facer ben os que botaron canas no oficio. O medio e o fin son os que esclarecen as tebras do principio. Preguntádelle ó voso amigo D'Alembert, corifeo da ciencia matemática, se sería quen de se ocupar dos seus elementos. Unicamente tras trinta ou corenta anos de exercicio, albiscou meu tío as primeiras luces da súa teoría musical.

EU. –¡Oh louco, máis ca louco! –exclamei–, ¿como é posible que na vosa mala cabeza haxa ideas tan xustas revoltas con outras tan extravagantes?

EL. –¿Quen demos o sabe? Guíndachas o azar, e velaí as están. O certo é que cando non se sabe todo non se sabe nada ben. Ignórase a ónde vai unha cousa, de ónde vén outra, ónde deben situarse esta ou aquela, cál se debe poñer primeiro ou cál estará mellor en segundo lugar. ¿Ensínase ben sen método? E o método, ¿onde nace? Mirade, querido filósofo, eu teño metido na cabeza que a física sempre ha ser unha ciencia pobre, una pinga de auga collida coa punta dunha agulla no vasto océano, un gran de area desprendido da cordilleira dos Alpes. ¿E as razóns dos fenómenos? En verdade, sería preferible ignoralo todo antes que saber tan pouco e tan mal. Iso é precisamente o que a min me sucedía cando me convertín en mestre de acompañamento e de composición. ¿En que estades a pensar?

EU. –Penso que todo o que acabades de dicir é máis aparente ca real. Pero deixémolo. Ensinastes acompañamento e composición, ¿non si?

EL. –Si.

EU. –¿E non sabíades nada de nada?

EL. –Non, abofé; e por iso os había peores ca min: os que crían que sabían algo. Polo menos, eu non estragaba o xuízo nin as mans dos nenos. E ó cambiar de mestre para un bo, como non aprenderan nada, cando menos nada tiñan que esquecer. Era tempo e diñeiro que aforraban, xa que logo.

EU. –¿Como vos amañabades?

EL. –Como fan todos. Chegaba, sentábame e dicía: «¡Que tempo máis horroroso!, ¡como están as rúas!» Comentaba algunhas noticias: «A señorita Lemierre tiña que interpretar un papel de vestal na ópera nova, mais está para diante por segunda vez. Non se sabe quen a vai substituír. A señorita Arnould acaba de deixar ó condesiño. Rumoréase que anda en tratos con Bertin. De todos modos, o condesiño deu coa porcelana do señor Montamy. No último concerto de afeccionados había unha italiana que cantaba coma un anxo. Prévillle é un tipo curioso. Hai que velo no *Mercurie galant*: a escena do enigma non ten prezo. A pobre Dumesnil xa non sabe o que di nin o que fai. A ver, señorita, collede o voso libro.» En canto a señorita, que

non se dá présa, procura o libro que extraviou, chama por unha doncela e rífalla, eu continuo: «A Clairon é verdadeiramente incompreensible. Fálase dun matrimonio estrafalario: o da señorita... ¿como lle chamades?, esa criatura que el mantíña, á que lle fixo dous ou tres fillos, e á que tantos mantiveran.» «Veña, Rameau, iso é imposible, estades a desvariar.» «Non, eu non desvarío. Incluso se di que xa se celebrou. Tamén se rumorea que finou Voltaire; mellor.» «¿E por que mellor?» «Porque nos vai proporcionar unha das súas; é o seu costume, morrer quince días antes.» ¿Que máis vos podo dicir? Contaba algunhas ocorrencias recollidas nas casas que frecuentaba; porque somos todos moi contiñeiros. Facíame o tolo. Escoitábanme, rían e exclamaban: «¡É sempre tan encantador!» Entrementes, aparecera o libro da señorita debaixo dunha cadeira de brazos, a onde o arrastrara, mastigara e esnaquizara un cachorro dogo ou o gatiño. Poñíase a señorita ó clavicordio. De primeiras, facía un algo de ruído ela soa; despois acercábame a ela, logo de lle facer a súa nai un xesto de aprobación. A nai: «Non está mal; é cuestión de vontade, mais non quere. Prefire perde-lo tempo a latricar, a remexer cachifallos, a corricar, en non sei qué. En canto marchades, pecha o libro e non o abre ata que volvedes. Como non lle rifades nunca...» Emporiso, como algo había que facer, eu collíalle as mans e colocáballas doutro xeito. Incomodábame e berráballe: «*Sol, sol, sol*, señorita é un *sol*.» A nai: «Señorita, ¿non tedes oídos? Eu que non estou no clavicordio e que non vexo o libro, sinto que cómpre un *sol*. Estádeslle causando moitas molestias ó señor. Non comprendo como ten tanta paciencia. Non retedes cousa do que el vos di. Non avanzades nada...» Daquela, eu baixaba un pouco o ton e, movendo a cabeza, dicía: «Perdoádeme, señora, perdoádeme. As cousas poderían mellorar, de a señorita querer, se estudiase un pouco; mais non van mal.» A nai: «Eu, no seu lugar, habíaa ter un ano coa mesma peza.» «Non se preocupe, só deixará esta peza cando domine tódalas dificultades, e iso non ha ser tan longo como a señora cre.» A nai: «Señor Rameau, aduládelas, sodes bo de máis. Velaí o único que ha reter da súa lección e que me saberá repetir cando lle conveña.» Pasaba a hora. A miña alumna entregábame o pequeno sobre cun gracioso xesto do brazo e unha reverencia que aprendera do mestre de danza. Eu metíao no peto, mentres a nai dicía: «Moi ben, señorita. Se estivese aquí Javilliers, habíavos aplaudir.» Eu seguía a falar un pouco, por cortesía; e logo desaparecía. Isto é o que daquela se chamaba unha lección de acompañamento.

EU. –¿Agora é moi distinto?

EL. –¡Por Deus, xa o creo! Chego, serio. Quito o meu manguito. Abro o clavicordio e ensaio as teclas. Sempre teño moita présa: se me fan esperar un momento, grito coma se me roubasen un escudo. De aquí a unha hora teño que estar en tal sitio; dentro de dúas, cas da duquesa de Tal. Agárdanme a comer cas dunha bela marquesa; e, ó saír de alí, teño un concerto cas do barón Bagge, rúa Neuve-des-Petits-Champs.

EU. –¿Mais non vos agardan en ningures?

EL. –Certamente.

EU. –¿E por que empregades trucos tan viles?

EL. –¿Viles?... ¿Por que? Son de uso corrente na miña profesión. Eu non me envilezo facendo coma todo o mundo. Non fun eu quen os inventou; e sería extravagante e torpe de non me pregar a eles. Ben sei que se aplicades a este caso determinados principios xerais de non sei qué moral que está en tódolos labios, mais que ninguén practica, ha resultar que o negro é branco e o branco é negro. Pero, señor filósofo, existe unha conciencia xeral, como existe unha gramática xeral; e logo existen excepcións en cada lingua que lles chamades, creo, vó-los sabios, os..., axudademe un pouco... os...

EU. –Idiotismos.

EL. –Iso é. Pois ben, cada clase social ten as súas excepcións á conciencia xeral, excepcións que eu denominaría idiotismos de oficio.

EU. –Comprendo. Fontenelle fala ben, escribe ben, anque o seu estilo estea inzado de idiotismos franceses.

EL. –E o soberano, o ministro, o financeiro, o maxistrado, o militar, o home de letras, o avogado, o procurador, o comerciante, o banqueiro, o artesán, o mestre de canto, o mestre de baile... son persoas moi honradas, por máis que a súa conducta se aparte en múltiples puntos da conciencia xeral, e estea chea de idiotismos morais. Canto máis antiga é a institución das cousas, máis idiotismos hai; canto peores son os tempos, máis se multiplican os idiotismos. Tanto vale o oficio, canto vale o home; e reciprocamente, ó final, tanto vale o home, canto vale o oficio. Xa que logo, cadaquén fai vale-lo seu oficio tanto como pode.

EU. –O que vexo claramente neste galimatías é que hai poucos oficios exercidos con honestidade, ou pouca xente honrada na súa profesión.

EL. –Ben, non a hai; pero, en cambio, hai poucos pillos fóra da súa tenda. E todo iría bastante mellor de non ser por un determinado número de persoas tidas por asiduas, exactas, rigorosamente cumpridoras dos seus deberes e estrictas; ou o que é o mesmo, sempre na súa tenda a exercerem o seu oficio da mañá á noite, sen faceren máis ca iso. Deste modo son os únicos que se fan opulentos e son estimados.

EU. –Á forza de idiotismos.

EL. –Iso é. Vexo que me comprendestes. Así pois, un idiotismo de case tódolos oficios (porque os hai comúns a tódolos países e a tódolos tempos, do mesmo xeito que hai idioteces comúns), un idiotismo común é procura-lo maior número posible de clientes, unha idiotez común é crer que o que ten máis clientes é o máis hábil. Pois velaquí dúas excepcións á conciencia xeral ante as que hai que se pregar. É unha especie de crédito. En si non é nada, mais vale cara á opinión. Din que *máis vale boa fama ca espora dourada*. Emporiso, quen ten boa fama non ten espora dourada, e vexo que na actualidade os que posúen esporas douradas carecen de boa fama. Cómpren, de ser posible, a fama e mailas esporas. E esta é a miña intención cando me dou a valer co que vós cualificades de viles artimañas, de indignas astucias. Dou a miña lección e douna ben: velaí a regra xeral. Fago crer que teño máis leccións que dar ca horas ten o día: velaí o idiotismo.

EU. –¿E dades ben a lección?

EL. –Si, non a dou mal, aceptablemente. O «baixo fundamental» do meu querido tío simplificou todo isto. Antano roubáballe-lo diñeiro ós meus alumnos; si, roubábaos; estou seguro. Hoxe gáño, polo menos, coma os demais.

EU. –¿E roubabades sen remorsos?

EL. –¡Oh, si!, sen remorsos. Din que *robar a un ladrón ten cen anos de perdón*. Os pais aboiaban nunha fortuna adquirida sabe Deus como; eran cortesáns, financeiros, grandes comerciantes, banqueiros, homes de negocios. Axudáballes a restituír: eu e unha chea de xente que empregaban coma min. Na natureza, tódalas especies se devoran; e devóranse tódalas clases na sociedade. Facemos xustiza uns ós outros sen que interveña a lei. Antano Deschamps e hoxe Guimard vingan ó príncipe do financeiro; e son a modista, o xoieiro, o tapiceiro, a da lencería, o estafador, a camareira, o cociñeiro, o talabarteiro quen vingan ó financeiro de Deschamps. No medio de todos eles, só o imbécil ou o ocioso sae prexudicado sen lle ter feito mal a ninguén, e estalle moi ben. E pois vedes que esas excepcións á conciencia xeral, ou eses idiotismos morais que causan tanto ruído, baixo a denominación *tours du bâton*³, non son nada; e que, ó cabo, o único que cómpre é ter bo ollo.

EU. –Admiro o voso.

EL. –E ademais, está a miseria. A voz da conciencia e do honor é ben feble cando roxen as tripas. Isto abonda para que, se un día me fago rico, teña que restituír; e estou disposto a restituír de tódalas maneiras posibles: pola mesa, polo xogo, polo viño, polas mulleres.

EU. –Mais temo que non habedes chegar a rico.

EL. –Eu tamén o sospeito.

EU. –E se fose doutra maneira, ¿que fariades?

EL. –Faría coma tódolos pobres revestidos: sería o máis insolente canalla que endexamais se viu. Daquela acordaríame todo o que me fixeron padecer e devolvería tódalas afrontas que me fixeron. Gústame mandar, e mandarei. Gústame que me afaguen, e afagaranme. Hei ter ó meu servicio toda a panda *vilmorienne* e direilles como eles me dixeron: «Veña miserentos, divertídeme», e divertiranme; «espelicade as persoas honradas», e espelicaranas, se é que aínda se dá con algunha; e ademais teremos mulleres, aturarémonos cando esteamos bébedos, embriagarémonos, inventaremos contos, teremos toda caste de defectos e vicios. Será delicioso. Demostraremos que Voltaire carece de enxeño; que Buffon, sempre moi estirado, non é máis

que un declamador ampuloso; que Montesquieu só é brillante; relegaremos d'Alembert ás súas matemáticas; varearemos a tódolos Catonciños, coma vós, que nos desprezan, por envexa, nos que a modestia oculta orgullo, e nos que a sobriedade non é máis que necesidade. ¿E a música? Daquela habémola facer.

EU. —Ó ve-lo digno emprego que fariades da riqueza, considero que é gran mágoa que sexades pobre. Habiades vivir de maneira moi honrosa para a especie humana, moi útil para os concidadáns, moi gloriosa para vós.

EL. —Creo que vos moqueades de min. Señor filósofo, non sabedes con quen estades a xogar; non vos decatades de que neste momento represento a parte máis importante da cidade e da corte. Os nosos opulentos de tódalas clases dirán ou non dirán para si o que vos acabo de confiar; mais é o caso que a vida que eu levaría, de ocupa-lo seu lugar, é exactamente a súa. Bos estades vós e mailos vosos. Credes que a felicidade é igual para todos. ¡Que estraña visión! O voso supón certo aire soñador, que nós non temos; unha alma singular, un gusto particular. Decorades esa extravagancia co nome de virtude, chamádeslle filosofía. Pero, a virtude e maila filosofía ¿cádranlle a todo o mundo? Tenas quen pode; e consérvaas quen pode. Imaxínade o universo sabio e filósofo; recoñecedes que sería endiañadamente triste. De acordo, viva a filosofía, viva a sabedoría de Salomón: beber bos viños, ateigarse de exquisitos manxares, folgar con fermosas mulleres, descansar en leitos moles. Fóra iso, todo é vaidade.

EU. —¿Como? ¿E defende-la patria?

EL. —Vaidade. Xa non hai patria. Non vexo máis que tiranos e escravos dun polo ó outro.

EU. —¿Axudar ós amigos?

EL. —Vaidade. ¿El hai amigos? E, aínda que os houbese, ¿deberíanse converter en ingratos? Observade ben e veredes que é case sempre o que se colleita a cambio de servicios prestados. O agradecemento é unha carga, e as cargas son para desfacerse delas.

EU. —¿Ocupar un cargo na sociedade e cumpri-los seus deberes?

EL. —Vaidade. ¿Que importa ter ou non ter un cargo se un é rico, pois que só se ocupa un cargo para selo. ¿A que conduce cumpri-los deberes? Á envexa, os desgustos e a persecución. ¿E que se adianta con iso? Adular, ¡demo!, ¡adular!, tratar cos grandes, estudia-los seus gustos, prestarse ás súas fantasías, servilos nos seus vicios, aproba-las súas inxustizas: velaí o segredo.

EU. —¿Coidar da educación dos fillos?

EL. —Vaidade. Ese é o traballo dos preceptores.

EU. —Mais se o preceptor, imbuído dos vosos principios, non cumpre cos seus deberes, ¿quen ha saír prexudicado?

EL. —Abofé que eu non; igual é un día o home da miña filla ou a muller do meu fillo.

EU. —¿Pero se un e maila outra se precipitan na corrupción e os vicios?

EL. —É o propio da súa clase.

EU. —¿E se é que se deshonoran?

EL. —Fágase o que se faga, cando un é rico non pode deshonorarse.

EU. —¿E de se arruinaren?

EL. —Peor para eles.

EU. —Teño para min que se non vos preocupades pola conducta da vosa muller, polos vosos fillos, polos

vosos criados... poderiades, así mesmo, despreocuparvos dos vosos negocios.

EL. –Perdoade: ás veces resulta difícil conseguir diñeiro, e o prudente é ser previsor.

EU. –¡Coidaredes pouco da vosa muller!

EL.–Nada. ¡Por favor! O mellor que un pode facer coa súa costela, coido eu, é deixarlle que faga o que queira. Ó voso entender, ¿non sería moito máis divertida a sociedade se cadaquén andase ó seu ser?

EU. –¿Por que non? A tarde nunca é máis fermosa para min que cando estou satisfeito da miña mañá.

EL. –E para min igual.

EU. –O que fai que a xente sexa tan esixente coas diversións é a súa profunda ociosidade.

EL. –Non o creades. Axítanse moito.

EU. –Como nunca cansan, nunca descansan.

EL. – Non o creades. Sempre están esgotados.

EU. –O pracer é sempre un negocio para eles, nunca unha necesidade.

EL. –Mellor, a necesidade é sempre penosa.

EU. –Gástanos todo. Embrutécese a súa alma e apodérase dela o fastío. Quen lles tirase a vida, no medio da súa abafante abundancia, fariálles un favor. Non coñecen da felicidade máis que a parte que se disipa nun amén. Eu non desprezo os praceres sensuais. Tamén teño padal, e sabe aprecia-los manxares delicados ou un viño delicioso. Teño corazón e ollos: gústame ver unha muller bonita, gústame sentir baixo a man a firmeza e a redondez dos seus peitos, aperta-los meus labios contra os dela, bebe-la voluptuosidade na súa mirada e desfalecer nos seus brazos. De vez en cando, cos amigos, unha orxía, mesmo un pouco tumultuosa, non me desgusta. Mais non vos hei negar que me resulta moito máis grato acorrer ó desgraciado, rematar un asunto espiñento, dar un consello saudable, unha lectura agradable, un paseo cun home ou cunha muller que aprecio, unhas horas instructivas cos meus fillos, escribir unha boa páxina, cumprir coas obrigacións do meu estado, dicirlle a quen amo cousas tenras e doces que atraían os seus brazos arredor do meu pescozo. Sei dunha acción que me gustaría ter feito, a cambio de canto posúo. *Mahomet* é unha obra sublime; mais eu prefería rehabilita-la memoria dos Calas. Un coñecido meu refuxiárase en Cartaxena. Era un segundoxénito dunha familia nun país en que é costume transferir tódolos bens ós máis vellos. Alí aprende que o irmán máis vello, neno consentido, tras desposalos de canto tiñan, expulsara do seu castelo ós pais, demasiado condescendentes, e que os bondadosos anciáns esmorecían indixentes nunha pequena cidade da provincia. ¿Que fai entón este fillo pequeno que, tratado duramente por seus pais, fora lonxe en busca de fortuna? Envíalles recursos e apresúrase a arranxa-los seus negocios. Volve rico. Leva de novo os pais ó seu antigo domicilio. Casa a súas irmás. ¡Ah, querido Rameau!, ese home consideraba este intre como o máis feliz da súa vida. Falábame de todo isto con bágoas nos ollos; e eu noto, ó contárvolo, que se conturba de gozo o meu corazón e que o pracer me deixa sen palabras.

EL. –¡Sodes uns seres ben singulares!

EU. –Sodes un seres ben dignos de mágoa se non podedes imaxinar que un pode elevarse por encima do destino e que resulta imposible ser desgraciado ó abeiro de tan belas accións coma estas.

EL. –Esa é unha clase de felicidade coa que me había custar familiarizarme, pois é raro dar con ela. Pero, segundo vós, ¿cumpriría sermos honrados?

EU. –¿Para ser felices? Con toda seguridade.

EL. –Emporiso, eu vexo infinidade de xente honrada que non é feliz, e infinidade de xente feliz sen ser honrada.

EU. –Parécevollo.

EL. –¿E el non quedei eu sen sitio onde cear esta noite por ter sentido común e ser franco un instante?

EU. –Ai, non. Foi por non telo sempre. Por non comprender, ó seu debido tempo, que cumpría buscar un medio de vida libre de toda servidume.

EL. –Libre ou non, o que eu atopara cando menos era cómodo.

EU. –E o menos seguro, e o menos honrado.

EL. –Pero o máis conforme ó meu carácter de vago, de parvo e de golfo.

EU. –De acordo.

EL. –Pois ben, se podo alcanza-la felicidade mediante uns vicios que son de meu, que adquirín sen dificultade, que conservo sen esforzo, que cadran cos costumes da miña nación, que agradan ós que me protexen, e que son máis afíns ás súas pequenas necesidades privadas ca todas esas virtudes que non habían facer senón amolalos, acusándoos da mañá a noite... sería realmente singular que me atormentase coma unha alma en pena, que me violentase para facerme distinto do que son, para conseguir un carácter estraño ó meu: calidades moi estimables, admitoo, para non discutir, pero que me custaría moito adquirir e practicar, e que non me habían conducir a nada, ou quizais a algo peor, pois que me convertería na sátira continua dos ricos, ó lado dos cales os desgraciados coma min deben busca-la vida. Elóxiase a virtude; pero ódiase, elúdese, conxélanos (e neste mundo cómpre te-los pés quentes). E, ademais, isto acabaría amargándome sen remedio. ¿Por que vemos con tanta frecuencia os devotos tan duros, tan anoxados, tan insociables? Porque se impuxeron unha tarefa que non é para eles natural. Sofren, e cando se sofre faise sufrir ós demais. Isto non me convén a min nin ós meus preceptores; eu hei de ser alegre, flexible, gracioso, bufón, divertido. A virtude faise respectar, e o respecto é incómodo. A virtude faise admirar, e a admiración non é divertida. Teño que tratar con xente que se aburre, e hei facer que rían. Agora ben, o ridículo e maila loucura son os que fan rir; xa que logo, hei ser ridículo e louco. Así que, aínda que a natureza non me fixese tal, e sería o máis fácil para min, teño que parecelo. Afortunadamente non teño necesidade de ser hipócrita. Xa hai bastantes para tódolos gustos, sen conta-los que o son consigo mesmos. Ese cabaleiro da Morlière, que ladea o sombreiro sobre unha orella, que leva a cabeza ergueita, que mira a todo o mundo por encima do ombro, que fai bater unha longa espada contra a coxa, que ten preparado o insulto para quen vai desarmado, e que parece que desafia a quen se cruza con el, ¿que é o que fai? Todo canto pode para persuadirse de que é un home valoroso; pero é un covarde. Dádelle unha cotenada na punta do nariz, recibiraa tranquilamente. ¿Querédelo facer baixar de ton?, elevade o voso. Amosádelle o voso bastón, dádelle un couce nas nádegas; sorprendido el mesmo de verse tan covarde, havos preguntar quen volo dixo, cómo é que o sabedes. Ignorábao el mesmo ata daquela; unha longa e habitual simulación de bravura enganárao a el mesmo. Tanto finxira ser valente que o acabou crendo. E esa muller que se mortifica, que visita as prisións, que asiste a tódalas asembleas de caridade, que camiña cos ollos baixos, que non ousaría mirar a un home de fronte, arreo en garda contra a seducción dos sentidos... ¿Todo iso impide que arda o seu corazón, que lle escapen suspiros, que o seu temperamento se acenda, que a obsesionen os desexos, e que a súa imaxinación reproduza noite e día escenas do *Portier des Chartreux* e das *Postures de l'Arétin*? ¿Que lle sucede entón? ¿Que pensa dela a súa doncela cando se levanta en camisón para voar a socorrer á súa señora, que morre? Xustiña, volvédevos deitar. Non é a vós a quen chama a vosa señora no seu delirio. E se o amigo Rameau comezase un día a despreza-la fortuna, as mulleres, a boa comida, a ociosidade, se empezase a *catonizar*, ¿que sería?, un hipócrita. Cómpre que Rameau sexa o que é: un alegre falsario entre opulentos falsarios, e non un fanfurriñeiro de virtude ou mesmo un home virtuoso, roendo o seu codelo de pan, só, ou xunto con outros indixentes. E para rematar con esta cuestión dunha vez, non me convén a vosa felicidade nin a ventura dalgúns visionarios coma vós.

EU. –Xa vexo, querido amigo, que ignoráde-lo que é e que nin sequera estades feito para aprendelo.

EL. –¡Mellor, demo, mellor! Con iso morrería de fame, de aburrimiento e de remordemento quizais.

EU. –Segundo iso, o único consello que vos podo dar é que regresedes canto antes á casa da que vos botaron pola vosa imprudencia.

EL. –¿E face-lo que vós non desaprobades por simple e que a min me repugna un algo por figurado?

EU. –É a miña opinión.

EL. –Independentemente desta metáfora que me desgusta neste momento, e que non me ha desgustar noutro.

EU. –¡Que singularidade!

EL. – Non hai nada de singular nisto. Acepto ser abxecto, mais quero selo sen que me obriguen. Acepto descender da miña dignidade... ¿Rides?

EU. –Si, a vosa dignidade faime rir.

EL. –Cadaquén ten a súa; acepto esquece-la miña, ora que voluntariamente e non por orde doutro. Con que se me poida dicir «arrástrate», ¿estou obrigado a arrastrarme? É a andadura do verme, e tamén é a miña; seguímola ámbolos dous cando nos deixan en paz, mais endereitámonos cando se nos pisa o rabo. Pisáronme o rabo e heime endereitar. Ademais non tendes nin idea do que é aquela casa de tolos. Imaxínade un personaxe melancólico e túzaro, consumido polos humores, enfardado nunha bata que lle dá dúas ou tres voltas; que se aborrece a si mesmo e a quen todo aborrece; que mal sorri por máis que un escorde o corpo e mailo espírito de cen maneiras diversas; que observa friamente as divertidas carantñas do meu rostro, e as do meu espírito que aínda son máis divertidas; porque, entre nós, ese «père Noël», ese vil beneditino tan reputado polas súas carantñas, malia os seu éxitos na corte, comparado comigo, non é (sen me gabar, nin o gabar) máis que un pulchinelo de madeira. Por máis que me atormento para alcanza-la sublimidade das Petites Maisons, non hai qué facer. ¿Rirá?, ¿non rirá? Velaí o que pregunto no medio das miñas contorsións; e podeades vulgar canto non prexudica ó talento esa incerteza. O meu hipocondríaco, coa cabeza enfundada nun gorro de durmir que lle cobre os ollos, parece unha pagode inmóbil, cun fío atado ó queixelo que baixase ata a súa cadeira de brazos. Un espera que o fío se tense, mais non se tensa en absoluto; se ocorre que a mandíbula se entreabre, é para articular unha palabra deprimente, unha palabra que vos fai comprender que pasastes inadvertido, que tódalas vosas pallasadas foron en balde; palabra que é a resposta a unha pregunta que lle fixestes hai catro días; e, dita esa palabra, o resorte dos mastoides afrouxa e volve pecharse a mandíbula...

Logo, Rameau ponse a imitar ó seu home. Colocárase nunha cadeira, coa cabeza fixa, o sombreiro metido ata as cellas, os ollos a medio cerrar, os brazos caídos, movendo a mandíbula coma un autómatas e dicindo: «Si, señorita, tendes razón. Aí hai que poñer delicadeza.»

–E é que el decide; decide sempre e sen apelación: pola tarde, pola mañá, no toucador, ó xantar, no café, no xogo, no teatro, á cea, na cama e (que Deus mo perdoe) coído que entre os brazos da súa amante. Non adoito estar onde se escoitan estas últimas decisións, pero estou terriblemente canso das demais. Triste, escuro e inapelable, coma o destino: tal é o noso patrón. Fronte a el, temos esa melindrosa que se dá importancia, á que un podería considerar fermosa, porque aínda o é, anque teña a cara zarrapicada de raña e acarreire trala Señora de Bouvillon no tocante a volume. A min gústanme as carnes cando son belas, mais o que é excesivo é excesivo; ¡e o movemento é tan esencial á materia! *Item*, é máis perversa, máis altiva e máis parva ca un pavo real. *Item*, pretende ser graciosa. *Item*, cómpre persuadila de que a consideramos máis enxeñosa ca ninguén. *Item*, non sabe nada de nada e tamén decide. *Item*, cómpre aplaudi-las súas decisións con pés e mans, brincar de contento e estremecer de admiración: ¡que bonito é iso, que delicado, que ben dito, con que finura observado, que sentimento tan singular! ¿Onde aprenden todo isto as mulleres? Sen estudio, pola simple forza do instinto, pola pura inspiración natural: é un prodixio. E que despois nos veñan dicir que a experiencia, o estudio, a reflexión e maila educación serven para algo, con outras parvadas semellantes; e choramos de alegría. Dez veces ó día hai que se inclinar, un xeonllo flexionado cara a adiante, a outra perna estirada cara a atrás. Cos brazos estendidos cara á deusa, hai que busca-los seus desexos nos ollos dela, ficar pendentes dos seus labios e esperar unha orde súa para saír coma un alustro. ¿Quen se pode obrigar a semellante papel, fóra dun miserable que atopa alí (dúas ou tres veces por semana) algo con que alivia-la tribulación dos seus intestinos? ¿Que se pode pensar dalgúns, tal coma Palissot, Frénon, os Poinsinets ou Baculard, que posúen certos recursos, e as súas baixezas non se poden xustificar polo borborismo dun estómago que sofre?

EU. –Nunca daría en que fosedes tan delicado.

EL. –E non o son. Ó primeiro, reparaba nos demais e facía coma eles; mesmo un pouco mellor, porque son máis francamente desvergonzado, mellor comediante, estou máis famento e dotado de mellores pulmóns. Parece que descendo en liña dereita do famoso Estentor.

E, para que puidese facerme unha idea xusta da forza da súa víscera, púxose a tusir cunha violencia capaz de facer tremer-los vidros do café e suspende-la atención dos xogadores de xadrez.

EU. –¿Mais para que vos serve ese talento?

EL. – ¿Non o adiviñades?

EU. –Non. Son un pouco curto.

EL. –Supoñede a disputa iniciada e a victoria incerta: érgome e, despregando a miña voz tronante, digo: «É como asegura a señorita. Iso chámase vulgar. E que o melloren os máis inspirados. A expresión é xenial.» Mais non se debe aprobar sempre da mesma maneira. Sería monótono. Parecería falso. Resultaría insípido. Só nos salva disto o bo xuízo e a fecundidade: cómpre saber preparar e colocar eses tons maiores e perentorios, pilla-la ocasión e o momento. Poñamos por caso, cando existe diversidade de opinión, cando a disputa alcanzou o máximo grao de violencia, cando xa ninguén escoita porque todos falan á vez, cómpre estar desviado, no ángulo do salón máis afastado do campo de batalla, ter preparada explosión cun longo silencio, e caer subitamente coma un *cominxe* sobre os contendentes. Ninguén domina esta arte coma min. Mais onde sobresaio é na contraria. Conto cuns tons suaves que acompaño cun sorriso, cunha variedade infinita de caras aprobatorias –aquí entran en xogo o nariz, a boca, a fronte e mailos ollos–, teño flexibilidade de riles, un xeito propio de contorsiona-la espiña dorsal, de erguer ou baixa-lo ombros, de estira-los dedos, de inclina-la cabeza, de pecha-los ollos e de permanecer estupefacto coma se escoitase baixar do ceo unha voz anxelical e divina. Iso é o que afaga. Non sei se captastes ben toda a enerxía desta última actitude. Eu non a inventei, mais ninguén me superou na súa execución. Mirade, mirade.

EU. –É verdadeiramente única.

EL. –¿Pensades que hai cerebro de muller un pouco va que resista isto?

EU. –Non. Hai que recoñecer que leváste-lo talento de facerse louco e envilecerse o máis lonxe que é posible.

EL. –Por máis que fagan, e por moitos que sexan, non han chegar a tanto. O mellor deles, Palissot, por exemplo, nunca será máis que un bo aprendiz. Pero se ese papel divirte de primeiras, e por máis que se atope certo gozo en facer burla interior da necidade daqueles ós que se embebeda, andado o tempo non serve de estímulo; logo dun número de actuacións, un vese obrigado a repetise. O espírito e maila arte teñen os seus límites. Só para Deus e para algúns xenios raros a carreira vai a máis conforme avanzan. Bouret quizais é un deles. Hai episodios deste que me suxiren (sí, a min) as máis sublimes ideas. O *cadeliño*, o *Livre de la Félicité* e mailas fachas no camiño de Versailles son cousas que me confunden e me humillan. Isto podería facerme aborrece-la profesión.

EU. –¿Que queredes dicir con iso do *cadeliño*?

EL. –¿Pero el de onde vindes? En serio, ¿ignorades como ese home excepcional se amañou para afastar de si e apegar ó ministro de xustiza un can que lle gustaba a este?

EU. –Confeso que o ignoro.

EL. –Mellor. É unha das máis belas historias que se poden imaxinar. Marabillouse toda Europa, non hai un cortesán que non sinta envexa. Vós, que non carecedes de sagacidade, ¿como fariades no seu lugar? Pensade que a Bouret queríalle o seu can. Pensade que o estraño traxe do ministro de xustiza espantaba ó animal. Pensade que só había oito días para vence-las dificultades. Cómpre coñecer tódalas condicións do problema para valorar debidamente o mérito da solución. ¿Que ocorre?

EU. –Debo confesarvos que, nestes lerios, as cousas máis sinxelas cáusanme perplexidade.

EL. –Escoitade –díxome, dándome un golpiño familiar no ombreiro–. Escoitade e admirade. Manda facer unha máscara que se pareza ó ministro; consegue que lle empreste a voluminosa capa deste un criado seu. Cobre o rostro coa máscara. Envólvese na capa. Chama polo can, faille garatuxas e dálle unha galleta. Logo, de súpeto, cambiando o decorado, xa non é o ministro senón Bouret quen chama o can e bate nel.

Nuns dous ou tres días deste exercicio continuo, mañá e tarde, o can aprende a fuxir de Bouret recadador de impostos, e corre cara a Bouret ministro de xustiza. Ora, son por de máis bondadoso con vós. Sodes un profano que non merece que o instrúan nos milagres ocorridos a seu carón.

EU. –Malia isto, prégovolo, ¿e o libro, e as fachas?

EL. –Non, non. Preguntade ás laxes dos camiños, que mesmo elas coñecen esas historias. E aproveitade a circunstancia de cadramos xuntos para aprender cousas que ninguén coñece, fóra eu.

EU. –Levades razón.

EL. –¡Poñe-la capa e maila perruca (esquecérame a perruca) do ministro de xustiza! ¡Facer unha máscara que pareza el! A máscara, maiormente, trastórname. Sendo un home que goza da máis alta consideración. Posuidor de millóns. Hai cruces de San Luís sen substancia. Daquela, ¿por que correr trala cruz con risco de se esnafrar no canto de se orientar cara a unha situación sen perigo na que nunca falta a recompensa? Velaí o que se chama ir ó grande. Eses modelos son desalentadores. Un compadécese de si, e anóxase. ¡A máscara!, ¡a máscara! Daría un dos meus dedos por atopar-la máscara.

EU. –Mais, con ese entusiasmo polas cousas belas e esta fertilidade de enxeño que posúides, ¿non inventastes algo?

EL. –Perdón. Sen ir máis lonxe, a actitude admirativa ó revés da que antes vos falei, considérola miña, anque pode ser que os envexosos ma discutan. Coido que xa se utilizara antes; mais, ¿quen comprendeu ata que punto era cómoda para facer risa en segredo do impertinente a quen se está a admirar? Conto con máis de cen maneiras de iniciar-la seducción dunha moza a carón de súa nai, sen que esta se decate, e mesmo facéndoa cómplice. Acabando de empeza-la carreira, xa desdeñaba tódolos xeitos vulgares de entregar unha misiva amorosa. Dispoño de dez maneiras para facer que ma arranquen e, entre eses métodos, gábome de que hai varios totalmente novos. Teño, sobre todo, o talento de animar a un mozo tímido: fixen que triunfasen algúns sen xenio nin figura. Se todo isto estivese escrito, creo que se me había recoñecer certo enxeño.

EU. –¿Honraríavos singularmente?

EL. –Non o dubido.

EU. –Eu, no voso lugar, había poñer todo iso no papel. Sería mágoa que se perdese.

EL. –É certo. Ora que non sospeitades qué pouco caso fago do método e mais dos preceptos. Quen necesita dun formulario, endexamais chegará moi lonxe. Os xenios len pouco, practican moito e fanse a si mesmos. Vede se non a César, Turenne, Vauban, a marquesa de Tencin, seu irmán o cardeal, e o secretario deste, o abade Trublet. ¿E Bouret? ¿Quen lle deu leccións a Bouret? Ninguén. É a natureza quen forma os homes singulares. ¿Coidades que a historia do can e maila máscara está escrita en algures?

EU. –Mais nas vosas horas mortas, cando a angustia do voso estómago baleiro ou o cansazo do voso estómago sobrecargado escorrentan o sono...

EL. –Xa o pensarei: vale máis escribir grandes cousas que realizar cousas pequenas. Así elévase a alma, acéndese, inflámase e dilátase a imaxinación; mentres que se empequenece, preto da cativa Hus, ó abraiar cos aplausos que o estúpido público se obstina en prodigar a esa lambida da Dangeville, que interpreta tan vulgarmente, que avanza case dobrada en dúas polo escenario, que ten a afectación de mirar incesantemente para os ollos de quen a escoita e recitar a media voz, que ten por delicadeza as súas propias carantoñas e por gracia o seu troitiño, a esa enfática Clairon, que é o máis fraco, afectado, falso e indixesto que un pode imaxinar. Esa platea imbécil apláudeas ata laña-las mans, e non se decata de que somos un nobelo de encantos; é certo que o nobelo engorda un pouco, mais ¿que importa?, témo-la pel máis fermosa, os ollos máis belos, o bico máis bonito; pouco nervio, é verdade; un andar quizais pouco lixeiro, tampouco tan torpe como se di. En cambio, no que fai a sentimento, ninguén nos pon diante o pé.

EU. –¿Como dicides todo isto? ¿É ironía ou verdade?

EL. –O malo é que ese condenado sentimento está no máis fondo, e nin sequera asoma unha faísca ó exterior. Mais eu que vos falo, sei, e sei ben, que o hai. E se non é exactamente iso é algo parecido. Hai que ver, cando estamos de mal xenio, cómo tratámo-los serventes, qué labazadas reciben as camareiras, cómo batemos nas Partes Causais por pouco que se arreden do respecto que se nos debe. Dígovos que é un diañiño, cheo de sentimento e de dignidade... ¡Oh, xa! Non sabedes situarvos, ¿non si?

EU. –Confeso que non sabería distinguir se falades de boa fe ou o faces ironicamente. Son un pobre home; tende a amabilidade de me falar máis polo simple e deixade un momento a vosa arte.

EL. –Iso é o que lle dicimos á pequena Hus da Dangeville e a Clairon, mesturando algunhas palabras que vos alerten. Consinto en que me consideredes un golfo, mais non un parvo; e só un parvo ou un home perdidamente namorado podía dicir en serio tantas impertinencias.

EU. –¿Pois como ousades dicilas?

EL. –Iso non se fai de golpe, senón pouco a pouco, segundo cadra. *Ingenii largitor venter*^A.

EU. –Ten que apertar duramente a fame.

EL. –É posible. Emporiso, por moi ousadas que vos parezan esas impertinencias, crédeme que as persoas a quen van dirixidas están máis acostumadas a oílas ca nosoutros a pronuncialas.

EU. –¿E hai alguén que teña o valor de dárvola razón?

EL. –¿A quen lle chamades alguén? É o sentir e mailo dicir de toda a sociedade.

EU. –Entre vós, os que non son grandes golfos deben ser grandes parvos.

EL. –¿Parvos? Xúrovos que non hai máis que un: aquel que nos convida para que o embelequemos.

EU. –¿Pero como é que un se deixa embelecar tan burdamente? Porque a superioridade do talento da Dangeville e da Clairon é evidente.

EL. –Engulimos a grandes tragos a mentira que nos afaga; e bebemos pinga a pinga a verdade que os resulta amarga. Ademais, ¡parecemos tan convencidos, tan sinceros!

EU. –Non obstante, é preciso que pecasedes polo menos unha vez contra os principios da arte e que vos escapasen por descoído algunhas desas amargas verdades que feren; pois, malia o papel miserable, abxecto, vil e abominable que desempeñades, creo que no fondo tendes unha alma delicada.

EL. –¿Eu?, en absoluto. ¡Que me parta un raio se sei que cousa son, no fondo! En xeral, teño o espírito redondo coma unha bóla, e o carácter franco e transparente. Nunca son falso, por pouco que me interese ser verdadeiro; nunca son verdadeiro, por pouco que me interese ser falso. Digo as cousas como me veñen: se son sensatas, mellor; se son impertinentes, que máis ten. Falo con franqueza. Nunca pensei na miña vida: nin antes de falar, nin falando, nin despois de falar. Así que non ofendo a ninguén.

EU. –Iso, sen embargo, ocorreuvos coa boa xente na casa da que viviades e que tiña tantas atencións con vós.

EL. –¡Que lle imos facer! É unha desgracia; un mal momento como hai tantos na vida. Non hai felicidade arreo: eu estaba por de máis ben, e iso non podía durar. Temos, como sabedes, a compañía máis numerosa e escolleita. Unha escola de humanidade, o renacemento da hospitalidade antiga. Acollemos a tódolos poetas caídos. Estiveron Palissot trala súa *Zarés*, Bret logo de *Le faux génèreux*, tódolos músicos desacreditados, tódolos autores que ninguén le, tódalas actrices asubiadas, tódolos actores apupados, unha chea de pobres de pedir, vulgares parasitos á cabeza dos cales me honro en figurar como valente xefe dunha tímida tropa. Son eu quen os exhorta a comer a primeira vez que veñen; eu son quen pide de beber para eles. ¡Teñen tan pouco onde ir! Uns, mozos esfarrapados que non saben onde pousar, mais con boa presenza; outros, infames que engaiolan o patrón, ata adormecéreno, para tirar algo da patroa. Parecemos ledos, mais no fondo todos temos mal humor e grande apetito. Nin sequera os lobos están máis famentos;

nin os tigres son máis crueis. Devoramos coma os lobos cando a neve cubriu moito tempo a terra; esgazamos coma os tigres canto ten éxito. Ás veces, reúnen-se as cuadrillas Bertin, Montsaugé e Villemorien: daquela si que se anima a gaiola de feras. Nunca se viron xuntos tantos animais tristes, daniños, rabuxentos e encarraxados. Non se oe máis que os nomes de Buffon, Montesquieu, Rousseau, Voltaire, D'Alembert, Diderot... e sabe Deus de que epítetos acompañados. Ninguén será intelixente, de non ser tan necio coma nós. É aquí onde se concibiu o plano da comedia dos *Philosophes*; eu acheguei a escena do quincalleiro, tirándoa de *La Théologie en quenouille*. Vós non recibides mellor trato nela cós demais.

EU. –Alégrome. Igual me fan máis honor do que merezo. Habíame sentir humillado se os que falan mal de tanta xente hábil e honrada acertasen a falar ben de min.

EL. –Somos moitos, e cómpre que cadaquén pague a súa cota. Ó que se sacrifican os grandes animais, inmólanse os outros.

EU. –Insulta-la ciencia e a virtude para vivir, parece un pan ben caro.

EL. –Xa volo dixen antes, non somos consecuentes. Inxuriamos a todo o mundo e non afliximos a ninguén. Ás veces recibímo-la visita do pesado abade de Olivet, do voluminoso abade Le Blanc, do hipócrita Batteux. O groso abade só é malo antes de comer. Ó que toma o café, bótase nunha cadeira de brazos, apoia os pés na cambota da cheminea e dorme coma un vello papagaio no seu pao. Se o boureo cadra violento, bocexa, estira os brazos, freta os ollos e di: «¿El que sucede? ¿Que acontece?» Trátase de saber se Pirón é máis enxeñoso ca Voltaire. «Entendámonos: ¿falades de enxeño?, ¿non se trata de gusto? Porque o gusto, Pirón non sabe nin que existe.» «¿Non?» «Non.» Andamos enguedellados nunha conversa sobre o gusto. Daquela o patrón fai un aceno, a procurar que o escoiten, porque coida que entende maiormente de gusto. «O gusto», di, «o gusto é unha cousa...» Abofé non sei qué dicía que era o gusto; e el non o sabía tampouco. Ás veces vén o amigo Robbé. Agasállanos cos seu